



FACULTADE DE FILOLOXÍA

PLAN ESTRATÉXICO DE CENTRO

2024-2026



FACULTADE DE FILOLOXÍA

<i>Versión</i>	<i>Unidade/Órgano responsable</i>	<i>Data aprobación</i>
<i>V.1. Proposta inicial</i>	<i>Comisión de Calidade do Centro / Comisión delegada / Grupo de Traballo para a elaboración do Plan Estratéxico do Centro (PEC)</i>	<i>27/11/2024</i>
<i>Informe</i>	<i>Conformidade do SCVTI</i>	<i>02/12/2024</i>
<i>V.2. Proposta</i>	<i>Comisión de Calidade do Centro</i>	<i>05/12/2024</i>
<i>V.2. Proposta XF(rev.)</i>	<i>Xunta de Facultade/ Escola</i>	<i>19/12/2024</i>
<i>V. Final.</i>	<i>Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno da USC</i>	<i>28/2/2025</i>

Índice

1. INTRODUCCIÓN AO PEC 2024-2026.	4
2. O CENTRO	6
3. MISIÓN, VISIÓN E VALORES 2024-2026	10
4. LIÑAS ESTRATÉXICAS 2024-2026	11
5. DIAGNOSE ESTRATÉXICA	13
6. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	18
7. DESENVOLVEMENTO DO PEC.....	24
DOCUMENTACIÓN ANEXA.....	19

1. INTRODUCCIÓN AO PEC 2024-2026

1.1. Presentación do Centro

A Facultade de Filoloxía foi fundada no ano 1975. Na actualidade frece o máis completo catálogo de estudos lingüísticos e literarios que se pode atopar na Galiza, adecuado ás esixencias dunha sociedade moderna e aberta para o mundo.

A excepcional cantidade e variedade das titulacións que ofrecemos condicionan tanto a vida académica en xeral como a proposta, acompañamento e avaliación dos mecanismos con que tentamos garantir a mellora permanente, así como atinxir metas de excelencia na formación e investigación universitarias no campo das Humanidades.

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de administración e servizos) vinculadas a el.

1.2. Presentación do PEC.

Este documento constitúe o Plan Estratéxico da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2024-2026, en congruencia co Plan Estratéxico da USC para o mesmo período. Anteriormente estivo en funcionamento un Plan estratéxico ponte (2020-2022) que se prolongou ata finais do curso 2023/2024.

No novo plan recóllense os obxectivos e as accións estratéxicas da Facultade de Filoloxía. A Programación plurianual da USC (2023-2026) e o Plan estratéxico (2024-2026) da USC son os documentos de referencia da nosa reflexión.

Este plan estratéxico recolle unha reflexión acerca da misión, a visión e os valores da Facultade. A continuación, expoñemos as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades do Centro. Finalmente, agrupamos as principais liñas estratéxicas, cos seus obxectivos concretos, na xestión da Facultade de Filoloxía que afectan o estudantado, PDI, PTXAS e a sociedade en xeral.

1.3. Contexto

O centro conta con profesorado cualificado e os espazos e recursos destinados a que as nosas tituladas e os nosos titulados adquiren competencias avanzadas nas linguas e un coñecemento profundo das súas literaturas e culturas, sexan quen de se desenvolveren en contextos multiculturais e multilingües e posúan as habilidades necesarias para aplicaren os seus coñecementos a distintas actividades profesionais.

Os estudos de lingua e literatura presentan unha ampla e variada gama de perfís profesionais para os seus graduados. Estes perfís profesionais permítenlles aos estudantes incorporarse ao mercado laboral con demostrada solvencia.

Importa considerar os recortes nas políticas públicas en educación e o escaso financiamento da universidade por parte das institucións públicas, así como o envellecemento do PDI da Facultade.

O proceso que se aplica ao SGC segue os procedementos clásicos establecidos, remetendo en primeira instancia ao que se establece na normativa estatal e, en segunda, á adaptación do SGC marco da Universidade de Santiago de Compostela, deseñado á súa vez segundo modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG.

1.4. Elaboración do PEC 24-26.

Na elaboración deste documento estivo implicada a Comisión de Calidade do Centro, constituído en grupo de traballo para a elaboración do PEC, o Equipo Decanal da Facultade e o Comité Consultivo.

2. O CENTRO

2.1. Orixe do centro

O nacemento dos estudos filolóxicos na Universidade de Santiago de Compostela coincide coas mesmas orixes da institución, datadas no século XV: cando, en setembro de 1495, o notario Lope Gómez de Marzoa consegue as licenzas necesarias para establecer unha escola de gramática, as letras eríxense no fundamento da nacente universidade.

Na época contemporánea, os estudos filolóxicos desenvolvéronse inicialmente na antiga Facultade de Filosofía e Letras, creada en 1922. A partir de entón, como fortalecemento das súas principais materias, o centro asiste á progresiva implantación de diversas seccións filolóxicas: en 1963 nace a sección de Filoloxía Románica; en 1966, a de Filoloxía Moderna, coas subseccións de Inglés e Francés, e en 1970, a sección de Filoloxía Clásica.

Por segregación das tres ramas constituíntes dos estudos de Filosofía e Letras, no ano 1975 fúndase a Facultade de Filoloxía. Pouco antes, o Plan de Estudos de 1973 supuxo a reorganización das ensinanzas filolóxicas en catro grandes seccións: Clásicas; Xermánicas, con especialización en Inglés; Hispánicas, coas subseccións de Español e Galego-Portugués; e Románicas, con especialización en Francés. Posteriormente as seccións de Xermánicas e Románicas enriquecíanse coa implantación das especialidades de Alemán e Italiano, respectivamente.

Tras vinte anos de vixencia deste modelo organizativo, a renovación veu marcada pola elaboración de plans de estudos adaptados ao novo catálogo de títulos de licenciatura establecidos para todo o Estado polo RD 1497/1987. Os novos plans, aprobados en 1994, supuxeron unha redistribución das ensinanzas en nove títulos de natureza máis especializada, a saber: Filoloxía Alemá, Filoloxía Clásica, Filoloxía Francesa, Filoloxía Galega, Filoloxía Hispánica, Filoloxía Inglesa, Filoloxía Italiana, Filoloxía Portuguesa e Filoloxía Románica. Posteriormente, a reforma aprobada no ano 2000 introduciu algunhas modificacións nos plans de estudos, que, en todo caso, non afectaron o catálogo de títulos de licenciatura, que se mantiveron ata o ano académico 2009-2010, no que iniciaron un proceso de eliminación gradual como consecuencia da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

2.2. Catálogo actual de titulacións

2.2.1. Graos

A reforma iniciada coa publicación do RD 1393/2007, de 29 de outubro, sobre Organización das Ensinanzas Universitarias Oficiais en España levou, no ano académico 2009-2010, ao inicio do proceso de implantación dos novos títulos de grao, paralelo ao de extinción dos títulos de licenciatura e culminado no ano 2012-2013. As nove licenciaturas reducíronse a cinco graos:

- Grao en Filoloxía Clásica.
- Grao en Lingua e Literatura Españolas (no ano 2021/2022 concluíu a titulación a última promoción dun grupo B que se impartía na Facultade de Humanidades do Campus de Lugo, polo que, dende esa data, non hai docencia no campus de Lugo)
- Grao en Lingua e Literatura Galegas.
- Grao en Lingua e Literatura Inglesas.
- Grao en Linguas e Literaturas Modernas, con mencións en Lingua e Literatura Alemás, Lingua e Literatura Francesas, Lingua e Literatura Italianas, Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas e Filoloxía Románica.

2.2.2. Mestrados

Por outra banda, tamén ao abrigo do RD1393/2007, a Facultade de Filoloxía e os Departamentos radicados nela traballaron na elaboración de diversas propostas de títulos de Mestrado, que desembocaron na seguinte oferta:

- Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura.
- Mestrado Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.
- Mestrado Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións.
- Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada.
- Mestrado Erasmus Mundus en Lexicografía.
- Mestrado Universitario en Ensinanza do Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua (este último se implantará no ano 25/26 e se impartirá en liña)

2.2.3. Programas de doutoramento dos departamentos adscritos

A Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), e non o centro, ocúpase da coordinación e a xestión das ensinanzas de doutoramento e os estudos avanzados da USC, así como dos procesos que conducen á obtención do título de doutor/a, para ofrecer unha formación doutoral flexible, interdisciplinar e de calidade, orientada a potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da USC.

2.3. Grupos de investigación actuais

2.3.1. Grupo 1 Calderón

2.3.2. Grupo 2 Contidos dixitais literarios e lingüísticos contrastivos (alemán, español, galego e inglés)

2.3.3. Grupo 3 Discurso e identidade

2.3.4. Grupo 4 Estudos Interdisciplinares de Comunicación

2.3.5. Grupo 5 Estudos Clásicos e Medievais

2.3.6. Grupo 6 Estudos dos sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africanos de lingua portuguesa

2.3.7. Grupo 7 Filoloxía e Lingüística Galega

2.3.8. Grupo 8 Filoloxía Italiana

2.3.9. Grupo 9 Francofonía e Culturas Hispánicas: Relacións e Implicacións Pedagóxicas

2.3.10. Grupo 10 Gramática do español

2.3.11. Grupo 11 Grupo de Análise de Aspectos Lingüísticos e Literarios na Lusofonía

2.3.12. Grupo 12 Grupo de Investigación em Linguística Computacional

2.3.13. Grupo 13 Grupo de investigación en fraseoloxía e paremioloxía

2.3.14. Grupo 14 Grupo de investigación sobre o francés actual: lingua e discurso

2.3.15. Grupo 15 Grupo de Investigación Valle-Inclán da Universidade de Santiago

2.3.16. Grupo 16 Humboldt

2.3.17. Grupo 17 Lingüística Aplicada ó Ensino e Aprendizaxe do inglés, Tradución e Deseño textual

2.3.18. Grupo 18 Metalingüística

2.3.19. Grupo 19 O século de Quevedo: prosa e poesía lírica

2.3.20. Grupo 20 Procesos cognitivos e conduta

2.3.21. Grupo 21 Románicas (Filoloxía, Literatura medieval)

2.3.22. Grupo 22 Teoría da Literatura e Literatura comparada

2.3.23. Grupo 23 Variación, cambio lingüístico e gramaticalización

2.4. Sistema de garantía da calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de administración e servizos) vinculadas a el.

En conxunto, o SGC da Facultade de Filoloxía contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia Facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

A estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade está integrada polo Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, a persoa Responsable de Calidade do Centro, o Comité Consultivo, as Comisións dos Títulos, as persoas coordinadoras dos títulos, o Coordinador de Calidade do Centro.

O SGC concrétese en 12 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de centro (facultade/escola) concrétese en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

--Planificación

PE-01 Planificación estratéxica PE-02 Revisión e mellora

Procesos clave

-Organización e desenvolvemento dos programas

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio a estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Procesos de soporte

-Xestión dos recursos

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

-Xestión de apoio ao sistema

PS-03 Xestión documental

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades

PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

-Información pública e transparencia

PS-06 Información pública

2.5. Sistema de seguridade e saúde

Na Facultade contamos e poñemos os medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.

A Facultade dispón dunha serie de equipos de emerxencia, así como dun conxunto de instrucións para a actuación ante unha emerxencia.

Contamos cun Plan de autoprotección (versión do 2018, vixente no 2024) para previr as posibles situacións de emerxencia que poidan suceder, así como para establecer os criterios de actuación no caso de que algunha desas emerxencias poida chegar a producirse. O obxectivo principal do Plan é previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencia, na zona baixo a responsabilidade do titular da actividade, garantindo a integración destas actuacións co sistema público de Protección Civil.

Tamén temos un Plan de prevención de riscos laborais impulsado pola USC.

3. MISIÓN, VISIÓN E VALORES 2024-2026

3.1. Misión

A misión central da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela é a xeración e a transmisión de coñecemento nas áreas das linguas, literaturas e culturas. A Facultade ten a responsabilidade da formación das vindeiras xeracións de profesionais da filoloxía que exerzan a súa profesión con competencias, espírito crítico e responsabilidade, capaces de afrontar os retos dunha sociedade en continua mudanza. Con tal propósito, a Facultade de Filoloxía comprométese coa consecución dos seguintes obxectivos:

- Apoiar o estudiantado no seu itinerario formativo e na súa implicación nas actividades do Centro, ao PDI no seu labor docente, investigador, de transferencia e na súa formación, e o PTXAS nas súas tarefas e formación.
- Implementar as condicións óptimas para o desenvolvemento das actividades formativas e investigadoras (espazos, recursos, servizos).
- Incorporar a innovación docente, investigadora e tecnolóxica.
- Construír compromiso coas demandas sociais no ámbito da filoloxía.
- Implicar e integrar a Facultade no seu contorno social.

3.2. Visión

A Facultade de Filoloxía ten que ser un centro capaz de proporcionar unha formación integral cunha oferta de títulos atractiva, diversa e con capacidade de adaptación e flexibilidade en correspondencia coas demandas da sociedade que a sostén, apoia e financia.

O centro ten por obxectivo a excelencia baseada na súa solvencia académica e na óptima preparación do seu estudiantado, cunha ampla oferta de prácticas externas en empresas e procesos de autoemprego e de intercambios académicos nacionais e internacionais, pola súa actividade investigadora de referencia e alta cualidade da súa transferencia e pola relevancia dos seus vintetrés grupos de investigación.

3.3. Valores

A Facultade de Filoloxía desexa ser un enclave próximo ao entorno social, centrado nas persoas, nas súas competencias e condicións de traballo e estudo; a comezar polo seu entorno inmediato e instalando como un principio animador do seu proxecto docente e investigador a referida transferencia de resultados e de coñecemento. Destacamos os seguintes valores principais da nosa planificación estratéxica:

- a responsabilidade social, a conciencia ambiental
- a potenciación dos nosos sinais de identidade
- compromiso cunha xestión baseada no diálogo e a responsabilidade compartida
- fomento da participación activa
- compromiso coa equidade e coa inclusión
- a atención ás persoas con discapacidade e á igualdade de xénero
- a creación de comunidade e sentido comunitario como fortaleza para a cohesión do centro e mellor consecución dos seus obxectivos.

4. LIÑAS ESTRATÉXICAS 2024-2026

4.1. Introducción ás Liñas estratéxicas do Centro

As liñas estratéxicas que a continuación sinalamos están estreitamente vinculadas coas aprobadas na Programación plurianual da USC (2023- 2026) e no Plan Estratéxico da USC (2024-2026).

4.2. Liñas estratéxicas

A continuación recolleemos a cinco liñas estratéxicas do centro e a súa correlación coas liñas estratéxicas da USC.

LIÑAS ESTRATÉXICAS - USC	LEC - LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO
LE1 - Estudantado e a <u>comunidade universitaria</u>	1. A comunidade da Facultade de Filoloxía: <u>estudantado, PDI e PTXAS</u>
LE2 - Formación e a docencia no novo contexto	2. A <u>formación e a docencia</u> na Facultade de Filoloxía
LE4 - Investigación e a innovación como motor do <u>desenvolvemento sostible e o benestar</u>	3. A <u>investigación e a innovación</u> na Facultade de Filoloxía
LE5 - Senda da <u>internacionalización</u>	4. A <u>internacionalización</u>
LE6 - Procura de <u>infraestruturas ecoeficientes</u>	5. <u>Infraestruturas</u>

4.2.1. Xustificación Liña estratéxica 1 – LEC 1: A comunidade da Facultade de Filoloxía: estudantado, PDI e PTXAS

Unha das cuestións máis relevantes do PEC que presentamos é o funcionamento adecuado da comunidade que integra o Centro e todos os seus aspectos. Neste sentido, impulsamos diferentes accións que conducen a facilitar a creación de espazos de benestar na Facultade.

Por tal motivo, organizamos diferentes sesións de benvinda para os diferentes grupos que integran a comunidade da Facultade; tamén impulsamos a creación de espazos de convivencia, tanto físicos como culturais, entre os diferentes grupos que forman parte da Facultade. Así mesmo, resulta fundamental que estes grupos poidan formarse nos procesos e protocolos de integración do estudantado con necesidades especiais.

Finalmente, é indispensable fomentar os futuros laborais do noso estudantado, polo que tamén neste sentido apoiamos a posta en marcha de diferentes accións.

4.2.2. Xustificación Liña estratéxica 2 – LEC 2: A formación e a docencia na Facultade de Filoloxía

A formación e a docencia constitúe un pilar fundamental do PEC que presentamos e unha das nosas misións principais. Por tal motivo, unha das nosas accións fundamentais ten que ver coa renovación do programas e as memorias dos títulos de grao e máster que se imparten no centro. Resulta tamén relevante coñecer as causas do abandono do TFG, polo que renovamos a normativa vixente para facilitar a finalización dos títulos.

De xeito paralelo traballamos nos vínculos cos centros de Secundaria a través da creación do Campus Conciencia, que permite levar a cabo a actividades dirixidas ao ensino secundario para estreitar os vínculos co profesorado e o estudantado desta etapa educativa.

4.2.3. Xustificación Liña estratéxica 3 – LEC 3: A investigación e a innovación na Facultade de Filoloxía

A investigación e a innovación son piares fundamentais da nosa Facultade. Neste sentido, impulsamos un conxunto de accións encamiñadas a distinguir e a implementar as condicións precisas para o desenvolvemento de actividades de investigación e innovación.

Neste contexto a Biblioteca exerce un papel fundamental, pois non só proporciona bibliografía, senón que pode asesor aos grupos de investigación nas liñas de investigación específicas de cada un deles e tamén facilita os procesos de solicitude dos sexenios de investigación segundo o modelo máis recente. Por todas as razóns esgrimidas a nosa propostas está integradas por accións encamiñadas a reforzar a Biblioteca do centro.

4.2.4. Xustificación Liña estratéxica 4 – LEC 4: A internacionalización

No conxunto da visión da Facultade unha das tarefas de traballo principais é a referida á internacionalización, un eido importante no centro tanto en termos de formación como de investigación. Por tal motivo, unha das accións relevantes é o impulso dun conxunto de accións informativas sobre os programas de mobilidade, con particular fincapé nos de fóra do EEES.

Tamén apoiaremos a organización de accións formativas no ámbito dos mestrados que se imparten na facultade impartidas por persoal investigador que proceda de universidades ou centros de investigación internacionais.

4.2.5. Xustificación Liña estratéxica 5 – LEC 5: Infraestruturas

A Facultade ten a responsabilidade de distinguir as necesidades en termos de infraestruturas e propoñer melloras. Así, consideraremos a proposta dunha serie de medidas á Xerencia encamiñadas a mellorar a humidade e temperaturas extremas no Centro e que contribuirá a crear un ámbito de traballo e estudo de maior benestar.

O mesmo obxectivo será o que nos mova para a creación de novos espazos de convivencia, así como de salas de aulas que poidan funcionar tamén como de traballo, de xeito que se resolva un dos problemas fundamentais da Facultade e que ten que ver coa falta de espazos para o desenvolvemento dalgunhas actividades.

Nesta mesma liña, procuraremos resolver os problemas de accesibilidade que presenta a Biblioteca, así como os relacionados coa iluminación e, finalmente, impulsaremos a apertura dunha porta de acceso á Biblioteca que permita que este espazo se independice da Facultade en termos de horarios de apertura, facilitando así o acceso durante todo o ano.

5. DIAGNOSE ESTRATÉXICA

5.1. Introducción á diagnose estratéxica

A identificación das debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades, seguindo o modelo dunha análise DAFO, constitúe un dos elementos chave do Plan Estratéxico e realizouse para cada unha das liñas estratéxicas baseándose na Memoria do Centro, os autoinformes anuais de seguimento dos títulos da Facultade e diversos foros de encontro e debate con estudantes PDI e PTXAS.

Despois de coñecer a realidade da Facultade propónse unha análise CAME para cada liña estratéxica que permita aportar corrixir debilidades, enfrontar ameazas, manter fortalezas e explorar as oportunidades.

5.2. Liña estratéxica 1 – LEC 1 A comunidade da Facultade de Filoloxía: estudantado, PDI e PTXAS

5.2.1. Análise DAFO - LEC 1.

5.2.2. Análise CAME - LEC 1.

LIÑA ESTRATÉXICA DE CENTRO 1	
ANÁLISE DAFO	ANÁLISE CAME
<i>Debilidades detectadas</i>	<i>Correccións (sobre debilidades internas)</i>
➤ Escasos recursos para a docencia híbrida (formación, material informático, apoio técnico) ➤ Baixa nota de PAU de acceso nalgún grao, sobre todo nos cortes relativos ao último cuartil de entrada. ➤ Complexidade dos horarios debido á ampla posibilidade ofrecida ao alumnado para a escollo dos distintos maiores e minors. ➤ Baixa participación nas enquisas ➤ Descoñecemento por parte do estudantado das saídas profesionais distintas das tradicionais ➤ Falta de información relacionada con protocolos de integración/inclusión do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo e/ou discapacidade e de apoio psicolóxico	➤ Accións que permitan mellorar os recursos técnicos e formativos para a execución da docencia híbrida ➤ Profundización dos programa con actividades dirixidas ao ensino secundario. ➤ Estreitamento de vínculos con docentes do ensino secundario e dotación de ferramentas divulgativas e das innovacións formativas na oferta académica ➤ Estudo dunha xornada docente continuada que permita unha mellor organización docente e unha maior posibilidade de compatibilización de materias ao estudantado ➤ Accións que favorezan unha difusión máis efectiva do calendario de enquisas e os efectos prácticos e positivos delas na vida do centro e na súa oferta académica ➤ Accións que permitan descubrir ao estudantado as posibles saídas profesionais non tradicionais. ➤ Accións que permitan ao PDI, PTXAS e estudantado da Facultade identificar os protocolos de integración/inclusión do estudantado con necesidades específicas

Ameazas	Afrontar (sobre ameazas externas)
➤ Os recortes nas políticas públicas en educación e o escaso financiamento da universidade por parte das institucións públicas ➤ Burocratización administrativa excesiva. ➤ Envellecemento do PDI. ➤ Número escaso de PTXAS na Unidade de Xestión	➤ Optimizar o uso dos recursos. Reclamar planos de financiamento suficientes e estábeis. ➤ Traballar nas instancias oportunas na simplificación dos procesos. ➤ Taxa de reposición do 100% anticipada en anos para a formación de novo PDI. ➤ Maior dotación ou reconversión de PTXAS dentro da universidade en función das mudanzas das diversas tarefas de administración e servizos
Fortalezas	Manter (Boas prácticas)
➤ Elevada porcentaxe de PDI estable con dedicación a tempo completo. ➤ PTXAS con dedicación a tempo completo experimentado e implicado. ➤ Participación do estudantado na organización e xestión do Centro ➤ Boa estrutura e funcionamento das Comisións do Centro. ➤ Proxección das actividades do Centro á sociedade do seu contorno. ➤ <i>Comunicación e difusión da información.</i>	➤ Taxa de reposición do 100% anticipada en anos para a formación de novo PDI ➤ Previsión suficiente de reposición por xubilación, atención a baixas prolongadas, con preferencia á comisión de servizos, mantemento de boas condicións laborais ➤ Accións que permitan manter este grao de participación do estudantado ➤ Accións que permitan manter a estrutura e o funcionamento das comisións ➤ Favorecer accións que permitan manter a inclusión do Centro no seu entorno ➤ Favorecer accións que permitan manter a correcta comunicación e difusión da información á comunidade da Facultade
Oportunidades	Explorar (Novas Oportunidades)
➤ Prestixio da Universidade Santiago de Compostela e da cidade	➤ Accións que favorezan a atracción de acontecementos internacionais, persoal investigador internacional e estudantado, PDI e PTXAS de mobilidade.

5.3. Liña estratéxica 2 – LEC 2 A formación e a docencia na Facultade de Filoloxía

5.3.1. Análise DAFO - LEC 2.

5.3.2. Análise CAME - LEC 2.

LIÑA ESTRATÉXICA DE CENTRO 2	
ANÁLISE DAFO	ANÁLISE CAME
Debilidades detectadas	Correccións (sobre debilidades internas)
➤ Elevada taxa de abandono do TFG nalgún grao.	➤ Accións que favorezan a conclusión da titulación

➤ Baixa relación entre o perfil do egresado de grao e as demandas do mercado laboral ➤ Tamaño excesivo dos grupos de docencia expositiva. ➤ Carga docente desequilibrada entre áreas de menor capacidade	➤ Accións que permitan modificar os planos dos títulos de grao ➤ Reclamación de maior dotación de profesorado; desenvolvemento de técnicas docentes que permitan una maior calidade docente e discente ➤ Reclamación dun programa de melloría da capacidade docente máis adecuada ás encomendas docentes para permitir maior dedicación do PDI a outras tarefas académicas e profesionais
Ameazas	Afrontar (sobre ameazas externas)
➤ Aumento de universidades que ofrecen formación de carácter non presencial. ➤ Excesiva distancia temporal entre as propostas de cambio da oferta formativa e a súa implantación	➤ Estudar a posibilidade incluír na oferta formativa algunha titulación en liña no ámbito do mestrado ➤ Desenvolver módulos orientativos para a transición ás novas ofertas. Introducir nos programas vixentes as mudanzas na medida do posíbel
Fortalezas	Manter (Boas prácticas)
➤ Grande oferta de itinerarios e materias optativas de grao. ➤ Satisfacción global do estudiantado que remata o seu TFG. ➤ Ampla oferta de prácticas externas.	➤ Accións que permitan seguir ofrecendo unha oferta elevada de itinerarios formativos ➤ Accións que permitan recoñecer o grao de satisfacción do estudiantado que remata o seu TFG e fomento da manutención do acompañamento por parte do PDI á súa actividade ➤ Accións de permitan manter a oferta
Oportunidades	Explorar (Novas Oportunidades)
➤ Colaboración entre universidades da SUG (mestrados interuniversitarios).	➤ Accións que favorezan a colaboración entre universidades.

5.4. Liña estratéxica 3 – LEC 3 A investigación e a innovación na Facultade de Filoloxía

5.4.1. Análise DAFO - LEC 3

5.4.2. Análise CAME – LEC 3

LIÑA ESTRATÉXICA DE CENTRO 3	
ANÁLISE DAFO	ANÁLISE CAME
Debilidades detectadas	Correccións (sobre debilidades internas)
➤ Deficiencias nas prestacións da biblioteca ➤ Falta de incentivos á calidade e excelencia docente e investigadora e á transferencia.	➤ Accións que solucionen as prestacións que ofrece a biblioteca ao centro ➤ Fomento dos procesos formativos en APS, ApP, apoio loxístico e económico á innovación docente e fomento de boas prácticas, avaladas por distincións de calidade, actividades comunitarias e de

	extensión aos barrios limítrofes, política de exposición pública de resultados de investigación
Ameazas	Afrontar (sobre ameazas externas)
➤ Carencia formativa do PDI no ámbito tecnolóxico	➤ Programa de información de recursos Accións que permitan apoiar ao PDI no seu proceso formativo.
Fortalezas	Manter (Boas prácticas)
➤ Dotación bibliográfica da biblioteca.	➤ Accións de apoio á biblioteca para manter a dotación bibliográfica
Oportunidades	Explorar (Novas Oportunidades)
➤ Grupos de investigación competitivos e innovadores en diferentes áreas e captadores de importantes recursos.	➤ Explorar accións de apoio aos grupos de investigación

5.5. Liña estratéxica 4 – LEC 4 A internacionalización

5.5.1. Análise DAFO - LEC 4

5.5.2. Análise CAME – LEC 4

LIÑA ESTRATÉXICA DE CENTRO 4	
ANÁLISE DAFO	ANÁLISE CAME
Debilidades detectadas	Correccións (sobre debilidades internas)
➤ Escasa participación do PDI e PTXAS nos programas de mobilidade	➤ Accións que permitan mellorar a difusión dos programas de mobilidade e das vantaxes e beneficios a obter no ámbito profesional
Ameazas	Afrontar (sobre ameazas externas)
➤ Descenso na participación do estudantado en programas de mobilidade nacional e internacional	➤ Accións de difusión que permitan manter a elevada participación do estudantado nos programas de mobilidade
Fortalezas	Manter (Boas prácticas)
➤ Ampla oferta de intercambios Erasmus+.	➤ Accións que permitan manter a oferta dispoñible
Oportunidades	Explorar (Novas Oportunidades)
➤ Relevantes relacións internacionais de diversos grupos de investigación. ➤ A Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, con máis de 6 millóns e medio de habitantes, é un espazo de grande interacción socio-económica e tamén cultural e educativa, cun forte potencial respecto ás conexións interuniversitarias.	➤ Favorecer accións que permitan manter as relacións internacionais ➤ Accións que favorezan o intercambio e a colaboración con universidades da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal

5.6. Liña estratéxica 5 – LEC 5 Infraestruturas

5.6.1. Análise DAFO - LEC 5

5.6.2. Análise CAME – LEC 5

LIÑA ESTRATÉXICA DE CENTRO 5	
ANÁLISE DAFO	ANÁLISE CAME
<i>Debilidades detectadas</i>	<i>Correccións (sobre debilidades internas)</i>
